

UNHA BATALLA TRAS OUTRA

1606

Paul Thomas Anderson, 2025

ESTREA EN NUMAX: 03.10.2025 | V.O.S.E. | +16 | 170 min

Paul Thomas Anderson ("Pozos de ambición", "Licorice Pizza") adapta a novela "Vineland", de Thomas Pynchon, escrita en 1990, sobre os movementos radicais dos anos sesenta. Cando o seu malvado inimigo rexorde despois de 16 años, unha banda de exrevolucionarios reúnese para rescatar a filla dun dos seus, encarnado por Leonardo DiCaprio, na súa primeira colaboración co aclamado cineasta.

«Unha marabilla actual e necesaria,
unha excepción entre os filmes
estadounidenses destes tempos difíciles»

Richard Lawson, THE HOLLYWOOD REPORTER



UNHA BATALLA TRAS OUTRA

Paul Thomas Anderson, 2025

EUROPEAN
CINEMA
Creative Europe MEDIA

Entrevista con Paul Thomas Anderson: «Ter esperanza é un acto de responsabilidade co presente e co futuro dos teus fillos»

Por Luís Martínez

A ver se o entendo ben. O filme adapta un libro publicado nos anos 90 pero que recrea uns feitos dos 80 sobre os movementos revolucionarios dos 60. Pero acaba falando da inmigración como consecuencia de todas as crises que vivimos hoxe... Correcto.

Diría entón que vivimos nun bucle temporal? Si, así é. Por desgraza, iso é exactamente o que parece. Hai unha liña da propia película que resume bastante ben a situación. Un dos personaxes, de nome Perfidia, tras un lapso de tempo de 16 anos di: “Despois de todo este tempo, o mundo cambiou moi pouco”. O certo é que a ficción vive de facernos crer que o tempo o modifica todo, cámbiao todo, e non é así. Non é realista pensar que o tempo modifica o modo como se comporta o ser humano. Se somos realistas, temos que admitir que dos 60 a agora o mundo cambiou moi pouco. Os desexos e as inxenuidades son sempre as mesmas. É máis, a todos nos gusta pensar que as cousas melloran, que o mundo vai a mellor, que a frecha da historia vai cara a adiante... Pero non é así, os cambios son extremadamente pequenos. A pesar da nosa fame de cambio e a nosa impaciencia, somos bastante egoístas. O resumo sería: máis do mesmo, un día diferente.

Con todo, e sen rebentar nada, a película ten unha resolución algo esperanzadora. Ten esperanza no futuro do seu país, de Estados Unidos? Alégrame que alguén notase que hai unha mensaxe de esperanza na película. Confeso que o meu medo é pensar que a xente crea que *Unha batalla tras outra* é outra vez unha historia sobre o mal que o estamos pasando. A historia que se conta, a pesar de todo, expón unha esperanza. Direi máis, son un tipo que ten esperanza pola sinxela razón de que teño fillos. É a esperanza a que te saca da cama cada mañá. É a esperanza a que fai que te emociones cando ves ás túas crianzas. Ter esperanza por mal que vaian as cousas non é unha opción, é unha obriga, un acto de responsabilidade co presente e co futuro dos teus fillos.

A película provoca unha rara sensación que se diría contraditoria. É unha das máis áxiles e entretidas de toda a súa carreira, e á vez ocúpase do argumento, a inmigración, máis urxente e que alimenta todos os discursos reaccionarios tanto no seu país como no resto do mundo. Está moralmente permitido gozar con algo tan serio? A idea era facer sentir ao espectador que non estaba nunha película política no sentido tradicional. A entrada na narración non pode ser esa. O modo correcto de abordar *Unha batalla tras outra* é como un fita de acción, ou como a loita dun pai por atopar a súa filla. Desde este punto de vista, é unha película familiar mesmo. Os temas de fondo van por detrás, como decorado. A única maneira de abordar un argumento por moi político que se pretenda, é desde o humor, desde a emoción, desde a humanidade dos personaxes.

Ata que punto é necesario volver ao pasado para arranxar o que está mal no presente? Ou doutro xeito, teñen os anos 60, a década da esperanza, algo que ensinarnos hoxe? O ser humano é tan egoísta que sempre está convencido de estar a vivir algo que ninguén antes viviu. Non é así. Abonda con algo tan sinxelo como abrir un libro de historia. Moitas veces cando vexo o que pasa, a reacción é a mesma: de verdade somos tan pouco orixinais? O personaxe de Benicio del Toro ten unha boa frase na película respecto diso. DiCaprio dille "Sinto moito ter traído todo isto á túa porta". Benicio mírao e contéstalle: "Estivemos sementando isto durante centos de anos. Ti non fixeches nada malo. Non te poñas fodidamente egoísta".

Publicado en elmundo.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Vineland,
Thomas Pynchon.
Tusquets

NUMAX **10**
numax.org